

O doutor D. Manuel Reimóndez Portela, conferenciante

Olimpio Arca Caldas

En decembro de 1990 tiven a honra de presentar, a petición de D. Manuel, o seu documentado libro “A Estrada Rural”. Naquel entón, igual que hoxe, compartín disertación co entrañable doutor Carro Otero. Na miña exposición recordo que fixera un símil da fecunda traxectoria médica do doutor Reimóndez Portela cunha folla dun carballo onde, en tan diminuto laboratorio natural, se realiza o complexo proceso químico da fotosíntese.

Hoxe, anos despois de escribir a biografía de D. Manuel e serme, pois, máis coñecida a polifacética e densa actividade, en todos os eidos da medicina e da cultura, do médico de San Miguel de Castro, preciso trocar aquela sinxela folliña nunha árbore completa.

Un carballo de rexo tronco, enraizado na nosa terra, ha ser esa frondosa árbore. Ela, a árbore, proporciónanos madeira para as rodas dos carros labregos, travesas para os alicerces dos camiños de ferro, tanino destinado a curtir peles. Árbore de abondosa ramaxe ofrécenos céspede e sombra no verán; calor na lareira no inverno; osíxeno, zancos e estornelas para os picariños e un hábitat acolledor para berce dos paxaros.

O tronco desta árbore representa a dedicación total de D. Manuel á profesión médica, mentres a ampla ramaxe forma un tupido conxunto de pólas rexas de antropoloxía, de ramas vigorosas de turismo, de fermosas gallas de política, de delicados garbullos de escritor, de feitucos guizos de conferenciante...

Na sección do tronco deste carballo o mesmo que na traxectoria de D. Manuel, descubrimos tres partes: casca ou cortiza, sámago e cerna.

Casca ou cortiza, envoltura exterior procedente da metamorfose lenta do sámago. Representa ela o grao de doutor, título acadado por D. Manuel co traballo “Contribución al estudio vascular de la articulación de la muñeca”, no ano 1959.

Sámago, equivale á súa total dedicación á medicina. A permanente atención afectiva e intensiva a prol dos enfermos dunha ampla contorna, que ía máis alá dos lindes do noso concello. Hai no sámago importantes nós que recordan as distincións médicas acadadas por D. Manuel: Diplomado en medicina do Traballo; ingreso na Academia

Médico Cirúrxica de Santiago, Membro Fundador da Sociedade Galega de Patoloxía Dixestiva, Académico Correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Cerna. A zona máis entrañable de D. Manuel: MÉDICO NA ALDEA.

De todas esas pólas que formaban a abondosa ramada do carballo, analizarei os feitucos guizos de conferenciante de D. Manuel.

Fundamento a razón desta elección pola miña participación tamén, ben co grupo de Teatro Escolar de Couso, ou co tema “A Segunda Etapa no Ensino Xeral Básico” nas Semanas Culturais a desenrolar nos Teleclubes, convocadas, a nivel provincial, polo Ministerio de Información e Turismo.

D. Manuel, cofundador no ano 1974 e dous anos despois presidente do Centro de Iniciativas e Turismo, foi o animador continuo e organizador das Semanas Culturais celebradas nos teleclubes das parroquias do noso concello e dos lindeiros.

Dende a 1ª Semana Cultural celebrada no Teleclub da Somoza no ano 1974 ata a celebrada no centro de Pardemarín no 1978, D. Manuel participou en todas elas con temas relacionados coa medicina tales como “Primeiros auxilios e prevención de enfermidades”, “Fecundación del sexo, grupo sanguíneo y factor RH”. Así mesmo presentaba, xa noutro ámbito, fermosas diapositivas do Pazo de Oca elaboradas por el coa correspondente explicación da historia dos propietarios do pazo.

A conferencia de D. Manuel era a conferencia estrela de todo o repertorio. O aforo do local, sempre escaso, estaba coroadado por atentos asistentes de pé. A súa voz ben coñecida, próxima e pedagóxica, escoitábase case con devoción. No desenrolo dos temas seguía, coma un mestre experimentado, os postulados didácticos do médico e filólogo belga Nicole Decroly sobre os “Centros de interés”.

A disertación comezaba puntual ás 20:00h., xa noite, pero non tiña límite de tempo xa que o tema desenrolado ensarillábase con preguntas de actualidade que o público lle facía na certeza da súa atinada resposta. D. Manuel contestaba sempre con afecto e acerto.

Era a autoridade, non só médica, senón tamén en problemas imprevistos, amigo, confidente e conselleiro.



Xornada do día 21 de setembro. Juan Andrés Fernández, Olimpio Arca e José Carro. Preside M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A partires de 1979 os teleclubes, por mor da expansión dos receptores televisivos no ámbito familiar decaeron na súa actividade, e as semanas culturais perduraron en dous ou tres centros, pero a inesgotable inclinación do ensino de D. Manuel seguiu na vontade de propagar en actos escolares, nas aulas da terceira idade, nas clausuras de xornadas educativas, os seus eruditos coñecementos.

Na súa etapa de Alcalde da Estrada, 1983-87, acode nas mañás dos mércores ás instalacións de Radio Noroeste da nosa vila ao programa “Sin distancias”. Durante 39 semanas D. Manuel, despois do habitual saúdo “Bos días, amigos dos mércores. Cos nosos mellores desexos van estas verbas que se mesturan coas tarefas que cadaquén estades a facer”, comeza a debullar temas e lendas encol do concello estradense. Nas súas agarimosas alocucións mellora as actuacións do internacional “speaker” chileno Bobby Deglané. As ondas radiofónicas cabalgan no éter para levar aos emigrantes estradenses en Arxentina, óntes de radio Excelsior, a cultura, a historia, os monumentos, os fillos senlleiros, etc, do noso pobo.



Autoridades e público asistente á Xornada inaugural.

As emisións foron todo un éxito e fíxose preciso a grabación das mesmas para satisfacer as numerosas peticións dos radio escoitas de alén mar.

Ata aquí deixo, resumidos, os feitucos guizos da abondosa ramaxe que nos brindou, con agarimo e sapiencia, sempre de balde, o médico de San Miguel de Castro, Doutor D. Manuel Reimóndez Portela.